


O ISLAM: EVOLUCIÓN NA PENÍNSULA IBÉRICA (711-1492)





ÍNDICE

O islam: evolución na península Ibérica (711-1492)

1. UNHA NOVA RELIXIÓN: CARACTERÍSTICAS. A EXPANSIÓN DO ISLAM.....	1
2. O ISLAM NA PENÍNSULA IBÉRICA: AL-ANDALUS.....	2
2.1 Cronoloxía de Al-Andalus.....	2
Emirato dependente de Damasco (711–756).....	2
Emirato independente de Bagdad (756–929).....	2
Califato de Córdoba (929–1031).....	2
Reinos de Taifas e dinastías norteafricanas (1031–1212).....	3
Reino Nazarí de Granada (1232–1492).....	3
2.1 Actividade económica e organización social.....	4
3. OS GRANDES REINOS DA PENÍNSULA IBÉRICA.....	5
3.1 Dominio musulmán.....	5
3.2 Auxe cristián.....	5
<i>Exercicios</i>	7
SOLUCIÓN.....	8



1. UNHA NOVA RELIXIÓN: CARACTERÍSTICAS. A EXPANSIÓN DO ISLAM

É unha relixión monoteísta, como o cristianismo e o xudaísmo. Significa sometemento. A súa orixe está en Arabia e o seu profeta é Mahoma (*Muhammad*).

Preceptos básicos:

- Alá é grande e Mahoma é o seu profeta.
- Hai un só Deus e vida despois da morte.

Os piares do Islam son:

- - Darlles esmola aos pobres.
- - Viaxar unha vez na vida á Meca (para visitar a Caaba).
- - Rezar cinco veces ao día.
- - Respectar o Ramadán.
- - Non hai máis Deus que Alá e Mahoma é o seu profeta.

O seu libro sagrado é o **Corán**, nel atopan toda a sabedoría para a vida, tanto civil como relixiosa, xa que non establecen diferenzas.

Contan o tempo dende o 622, ano da Hégira, a fuxida do profeta Mahoma da Meca.

Expansión territorial:

Dende moi pronto comeza a súa expansión, alcanzando no século VIII Poitiers (Francia) e o Punjab na India.

No 711, o Reino Visigodo estaba nunha guerra civil e son chamados por un bando dos visigodos á península ibérica; ao encontrar pouca oposición, quedan, chegando rapidamente ao río Douro.

2. O ISLAM NA PENÍNSULA IBÉRICA: AL-ANDALUS

2.1 Cronoloxía de Al-Andalus

Emirato dependente de Damasco (711–756)

- Dependía do Califato Omeia de Damasco.
- Asentáronse na península e intentaron expandirse por Francia pero foron derrotados polo exército de Carlos Martel (batalla de Poitiers 732).
- Pactan coa poboación hispano-visigoda (a cambio de impostos) e conviven as dúas culturas.
- O territorio divídese en provincias.

Emirato independente de Bagdad (756–929)

- A dinastía Abasí arrebatoulles o califato aos omeias asasinando a case todos os membros da familia. A capital pasa a Bagdad.
- Abderramán (Omeia) logra fuxir e establécese en Al-Ándalus.

Califato de Córdoba (929–1031)

- Abderramán III proclama o califato independente e, por conseguinte, pasa a ser califa, a súa capital será Córdoba.
- Máximo esplendor, fréase o avance dos reinos cristiáns.



"A Corte de Abdal-Rahman III" (Dionisio Baixeras 1885. Public Domain)

Reinos de Taifas e dinastías norteafricanas (1031–1212)

- No século XI Al-Andalus disgrégase en pequenos territorios chamados **reinos de Taifas**.
- Ante a debilidade dos reinos de Taifas, os cristiáns avanza e piden axuda a pobos do norte de África. Veñen os **almorábides** (1086), que se fan co poder. **O Cid Campeador** conquista temporalmente Valencia. Logo os **almohades**, máis intransixentes en cuestións relixiosas, substitúenos.
- Os cristiáns derrotan os almohades en **1212** na batalla das Navas de Tolosa e o territorio musulmá queda reducido ao Reino Nazarí de Granada.



“Batalla das Navas de Tolosa (1212)” (Francisco de Paula Van Halen. Public domain)

Representa a batalla das Navas de Tolosa (16 de xullo de 1212), unha vitoria decisiva das forzas cristiás, lideradas polos monarcas Alfonso VIII de Castela, Pedro II de Aragón e Sancho VII de Navarra contra o exército do califa almohade Muhammad an-Nasir. A carga, en última instancia, de Alfonso VII e Sancho IV rompendo “as cadeas” da Garda Negra do califa posibilitou a vitoria. Dende ese momento, no escudo de Navarra, están representadas as cadeas, así como no de España.

Reino Nazarí de Granada (1232–1492)

- Sobrevive pagando elevados impostos a Castela.
- Despois dun longo asedio, en 1492, o rei Boabdil entrégalles a cidade aos reis católicos.

2.1 Actividade económica e organización social


- **Economía** urbana, comercial (zocos) e monetaria, cunha moeda de ouro e outra de prata (o dirham, dinar). Gran desenvolvemento da artesanía. Na agricultura introducen novos cultivos como o arroz e as laranxas, potenciando o regadío con novas técnicas.
- **Sociedade.** Os árabes na cima. Os bérberes e os eslavos, libres. Os muladí (conversos).

Os non musulmáns: mozárabes (cristiáns que pagaban o imposto relixioso), xudeus e escravos.

- O **poder** está nas mans do califa e do emir. Os funcionarios frecuentemente non son musulmáns. O exército é de mercenarios ou escravos.
- **Tecnoloxía e cultura.** Introducción do regadío, dos muíños de vento, da pólvora e do papel. Son famosas as bibliotecas. A Escola de Tradutores de Toledo. Destacan en matemáticas, con Abul Qasim Maslama, e en filosofía, coas traducións de Aristóteles (do grego bizantino) realizadas por Averroes e a poeta Wallada Bint Al-Mustakfi, entre outros autores de gran nivel.
- Na **arte** destaca sobre todo a mesquita de Córdoba e, sobre todo, a Alhambra de Granada, cumio da arte arquitectónica musulmá mundial.

Destaca o emprego do arco, de diferentes tipos: de medio punto, ferradura e califal.

Na decoración destacan os motivos florais e a escritura (xa que non poden representar as figuras humanas nin divinas).



"Patio dos Leóns da Alhambra de Granada" (Tuxyso Wikimedia Commons CCBY-SA 3.0)

3. OS GRANDES REINOS DA PENÍNSULA IBÉRICA

Despois da disolución do Reino Visigodo (coa chegada dos musulmáns no ano 711), os límites do seu territorio establécense no río Douro. Os musulmáns chegan a Lugo no 714, pero a súa presenza en Galicia non foi constante.

Dende mediados do século VIII comezou unha lenta expansión de condados e logo reinos cristiáns do norte da península.

Podemos establecer dúas etapas:

- 1ª. Dende o século VIII ata o 1031. Dominio musulmán.
- 2ª. Dende o 1031 ata o 1492. Auxe cristián.

3.1 Dominio musulmán

Fórmase o reino de Asturias, que medraba cara ao sur e cambiaba de nome, Astur-Leones. Colle os terreos non ocupados polos musulmáns, entre eles, Galicia.

No século IX, o reino de Navarra farase independente e mirará para Francia. Xorden tamén os condados aragoneses e cataláns que no século XII formarán a Coroa de Aragón.

No século X, o conde Fernán González independiza as terras de Castela de León e acabaría sendo o reino mais puxante.

3.2 Auxe cristián

- Dende o 1031 ao 1212. Progresiva nivelación de forzas.
- Dende o 1212 ao 1492, decadencia definitiva do poder musulmán na península.

Xa dende o inicio os reinos cristiáns intentaban, mediante pactos, guerras ou casamentos, fortalecer os seus territorios. A partir do século XI destacan xa:

- A **Coroa de Aragón**. Unifícanse gracias ao casamento de Petronila de Aragón con Ramón Berenguer IV, conde de Barcelona.
- **Castela e León**. Alfonso VI consegue a taifa de Toledo e Alfonso VII chegou ao Guadiana. Pero foi no 1212, na batalla das Navas de Tolosa en Xaén, cando se abriu o sur peninsular á expansión definitiva dos reinos cristiáns.
- O **Reino de Galicia**. No ano 1066, Fernando I de Castela divide os seus dominios entre os seus fillos, García foi rei de Galicia seis anos ata que Afonso VI a anexiona. No século XII, o conde de Traba intentou outra vez a independencia, pero non resultou. Dende ese momento formamos parte da Coroa de Castela.

- **Portugal.** No século XII consegue independizarse do de León e no século XIII rematan a expansión cristiá expulsando os últimos musulmáns. Dende ese momento miran cara ao Atlántico e convértense na potencia do século XV.

A partir de aquí foi un proceso de expansión continua que culminarán os reis católicos no 1492 coa toma do Reino Nazarí de Granada.



A obra representa o momento en que Boabdil, último rei nazarí, rendeu a cidade de Granada en 1492 e entregou as chaves aos reis católicos, Isabel I de Castela e Fernando II de Aragón.

"A Rendición de Granada" (Francisco Pradilla y Ortiz. Dominio público)



EXERCICIOS

Exercicio 1

O Islam é unha relixión monoteísta, que quere dicir iso? Hai máis? Cales?

Exercicio 2

Cando comeza o Islam? Onde? Como se chama o seu profeta?

Exercicio 3

Os piares do Islam son cinco, cales son?

Exercicio 4

Na península ibérica o Islam ten catro etapas, cales son?

Exercicio 5

Como era a economía de Al-Andalus?

Exercicio 6

Como era a sociedade de Al-Andalus?

Exercicio 7

En que dúas etapas podemos dividir a expansión dos reinos cristiáns?

Exercicio 8

Como remata a presenza dos musulmáns na península ibérica?



SOLUCIÓNS

Exercicio 1

O Islam é unha relixión monoteísta, que quere dicir iso? Hai máis? Cales?

- Que ten un só Deus (Alah), como tamén son monoteístas o cristianismo e o xudaísmo.

Exercicio 2

Cando comeza o Islam? Onde? Como se chama o seu profeta?

- O Islam comeza ca Hélixira, a fuxida do profeta Mahoma á Meca-Medina no ano 622.

Exercicio 3

Os piares do Islam son cinco, cales son?

- Darlles esmola aos pobres.
- Viaxar unha vez na vida á Meca (para visitar a Caaba).
- Rezar cinco veces ao día.
- Respectar o Ramadán.
- Non hai máis deus que Alá e Mahoma é o seu profeta.

Exercicio 4

Na península ibérica o Islam ten catro etapas, cales son?

- Emirato dependente de Damasco (711–756)
- Califato de Córdoba (929–1031)
- Reinos de Taifas e dinastías norteafricanas (1031–1212)
- Reino Nazarí de Granada (1232–1492)

Exercicio 5

Como era a economía de Al-Andalus?

- Economía urbana, comercial (zocos) e monetaria, cunha moeda de ouro e outra de prata (o dirham, dinar). Gran desenvolvemento da artesanía.



Exercicio 6

Como era a sociedade de Al-Andalus?

- Os árabes na cima. Os bérberes e os eslavos, libres. Os muladí (conversos).
- Os non musulmáns: mozárabes (cristiáns que pagaban o imposto relixioso), xudeus e escravos.

Exercicio 7

En que dúas etapas podemos dividir a expansión dos reinos cristiáns?

- 1ª. Dende o século VIII ata o 1031. Dominio musulmán.
- 2ª. Dende o 1031 ata o 1492. Auxe cristián.

Exercicio 8

Como remata a presenza dos musulmáns na península ibérica?

- Coa toma do Reino Nazarí de Granada polos os reis católicos no 1492.